

XAVIER ACALA / PREMIO BLANCO AMOR DE NOVELA

Acaba de publicar un libro sobre La Habana, un berro de ex castrista cabreado, e agora edita a novela coa que gañou o 'Blanco Amor'. Titúlase 'Alén da desventura', e é unha narración que leva ao lector desde as Américas de 1770 ata o Ferrol, e que critica aos misioneiros, ao sistema colonizador e aos imbéciles con mando na Armada.

«Móvome de xeito errático ata o momento en que boto a andar historias»

FINA ROCA
Especial para EL MUNDO

A dádiva do mito do Dourado do Sur está servida e a intriga garantida, dende Inglaterra aos vastos espazos xeográficos do Austro, con parada e fonda en Ferrolterra, portas a dentro da cidade e fóra da ría Unha das máis ambiciosas narracións escritas nos derradeiros anos e destinada, coma tanta outras obras do autor, a ser un fito na narrativa galega, na que, por fin, os ferroláns, e con eles os galegos, coas súas limitacións e grandezas, véñse reflectidos

No transfondo da novela, levada ao século XVIII, hai unha dura crítica aos misioneiros, ao sistema colonizador e aos imbéciles con mando no Arsenal e maila Armada

Alén da desventura camiña polas rotas verdadeiras do Austro, falando con naturalidade cos indios serranos e tuelheches mentres se constrúe o barrio da Magdalena (Ferrol Novo) para albergar o señorío e mailos desertores ingleses que se incorporan á construción naval; intrigas pavecias e conventuais nun Ferrol diferenciado, rectilíneo, departamental, enciclopedista e ilustrado

Pregunta - Falemos da expedición Anson. ¿Qué representa na súa vida e obra os indíxenas de fala araucana e mailas flora e fauna das pampas argentinas?

Resposta - Unha vivencia fortísima, coma a de Darwin ou de outros viaxeiros, que ficaron prendidos para sempre desas paisaxes eternas Os indios -varridos do mapa por incómodos- son a parte substancial das paisaxes do Inmenso Sur que me empeño en reconstruír para que, na imaxinación, todo volta a súa canle

P. - ¿Cómo se pode saber tanto de soldados de El-Rei Borbón, de indios serranos, que falan a lingua de Castela, de goletas e pilotos?

R. - Sábese no meu caso por ser un curioso que xa desde cativo andaba a roer letra; e non se pode dicir que eu non fixese deporte, que andase sempre recluído, como non ando agora Móvome, de xeito errático. Vou atopando curiosidades que me obrigan a fugar, furar, remexer ata que chega o momento en que boto a

andar historias. O caso é comunicarlle algo e ver se fun capaz de transmitir o que quería; e fágoo coa vella idea dos enxeñeiros de telecomunicacións: cando unha mensaxe non chega correctamente ao destino, o máis probable é que o emisor a enviase sen as debidas condicións

P. - ¿Qué hai de autobiográfico nesta novela?


R. - Hai moito Nesta novela quixen ser Gabriel de Alcaraz, e o padre Sineiro, e Isaiah Morris; e quizais, con moita envexa, o cacique Ancapán Fago aos persaxes vivir o que eu vivín sen depender das épocas; e vivo con eles achegándome máis a uns que a outros, aínda que quixera ser todos E coído que as formas de comportarse no século XVIII non difiren das actuais Por iso me atrevín a transportar persoas de hoxe, en figura de persoaxe, a aquela altura histórica

P. - ¿Por que volta sempre a Ferrolterra e aos pagos patagónicos?

R. - Volto ao meu, honradamente Xosé Antonio Ponte Far díxome non hai moito que eu tiña na Ferrolterra o meu horto, de onde sempre tirar colleita de historias O Sur da Arxentina tamén é meu, do moito que por alí andei; e outro tanto podo facer cos animais e as plantas Todo é meu Non fago máis que retratalo coa palabra, con moita pena, de que, partindo da palabra, non chegue a ver a acción en soporte audiovisual Pena que as miñas aventuras e desventuras noveladas supoñan grandes orzamentos para filmes Pena de estarmos aquí, tan lonxe de Hollywood

P. - Non teña tanta presa en chegar a *Territorio Comanche*, todo se andará, non hai necesidade dos ianquis para reflectir no cine a obra dos nosos narradores Ao que iamós ¿O seu relato é unha dura crítica á evangelización e colonización do Austro, ás sangrías europeas no Novo Mundo e aos imbéciles con mando na Armada?

R. - Os cregos e os frades do XVIII eran suxeitos con grande capacidade de manobra social Móvian a sociedade Habíalos dis-



FINA BELGADO

postos a irmanar toda Europa encanto outros se dispuñan a dividila por causas relixiosas A fraternidade do padre Da Bouza tiña como obxectivo español o dito de «con todos guerra e paz con Inglaterra». Outros eclesiásticos dedicábanse á evangelización, que foi utilizada como instrumento para a amalgama, a fusión, a confusión e a entrega dos pobos por medio da mestizaxe Na conquista do infinito Sur, os indios orgulosos e resistentes á doutrina acabáronse entregando á tecnoloxía do fusil Remington, do telégrafo e do ferrocarril Sangría houbo: Europa desangrouse para poboa as Américas

P. - Incontables son as referencias ao Todopoderoso. ¿Cuestióna a existencia de Deus?

R. - Vivo na dúbida da existencia divina: quixera ser como os meus persoaxes dezaoltescos, tipos seguros de que un Grande Arquitecto é o responsable de que funcione a Máquina Universal; pero non podo: Deus, por veces, paréceme sinxelamente unha entelequia un algoritmo, o produto dunha formulación E se ben Deus me parece unha necesidade, non podo entender como os homes se matan entre eles para andaren a buscalo por distintos camiños

P. - ¿É compatible o cartesianismo do que fai gala co quixotismo que leva dentro?

R. - Sen dúbida son cartesiano, e fourieriano, iaplaciano, booliano Son enxeñeiro do etéreo, da microonda e o bit Fixéronme matemático aplicado Canto ao de quixote, si, tamén O inesquecible Andrés do Barro díxime que eu

era un Quixote empeñado en defender unha Dulcinea allea, chamada Galicia

P. - ¿Por que coloca nun pedestal a santa esposa? ¿Cómo é posible que nun século coma o XVIII tan dado ás paixóns e intrigas de cama, non baxa lugar para amores clandestinos? ¿Hai lugar para nós, as mulleres, na súa novela?

R. - Este relato está feito tentando unha óptica de homes Pero, sen embargo as mulleres están presentes, determinando o que eles han facer De Alcaraz descansa das súas preocupacións na seguridade que lle dá a esposa, e láias de que a filla non poida ser capitana dun barco; Sineiro apóiase nas mulleres cristiás na procura da salvación dos bárbaros e con elas e por elas se precipita na desgracia; os Morris viven a vida en función da esposa e da mai; Isaiah fica prendido no amor da cautiva Pichihuilqui

P. - Hai moito de canto misóxino na súa obra e resto de narradores galegos ¿Por qué as galegas non somos as protagonistas de tantas historias varonís, as donas absolutas dos nosos destinos?

R. - Esa pregunta non vale

P. - ¡Xa!
R. - Os galegos non son os máis machistas dos varóns educados en cristián Eu non teño a culpa de que as mulleres (galegas ou non) fuxan de escribiren «como os homes», relatos de aventuras, cri-

mes e paixóns E, se cadra, aínda metín nas novelas algún persoaxe feminino con decisión dabondo, por exemplo, a Olga de Cárcere verde Poida que non constrúa ningún persoaxe feminino como principal Non teño imaxinación dabondo como para figurarme tendo útero

P. - ¿Por que comezar a novela no 1770, xusto no intre en que desaparece un dos grandes mitos europeos: o mito de El Dorado?

R. - Nese momento do culto á Razón aínda non desaparecera de todo o mito de El Dorado. O piloto Villarino das crónicas españolas e argentinas (Basilio Antonio Villarino nos seus papeis galegos, de Noín) aínda tentaría chegar ao lago Nahuel Huapi moitos anos despois e, se cadra, aínda buscaba a cidade dos teitos de ouro. Coincidindo coa caída do mito vaise desenvolvendo do unha actividade de descuberta xeográfica e exploración de recursos económicos que leva a grandes momentos épicos, a venturas de fábula, e a desastres espantosos A historia inglesa en que se basea o relato de Isaiah Morris, fala destas cousas

P. - Por último ¿Posdes o idioma ou o idioma te posúe a ti?

R. - Tento coñecer ben o barro literario pero recoñezo que, por veces, é o idioma o que me arrastra Moitas veces teño que sacrificar as palabras en aras da eficiencia narrativa E doime

«Fago aos meus persoaxes vivir o que eu vivín sen depender das épocas, e quixera ser todos»

«Cando a mensaxe non chega a destino, o máis probable é que o emisor a enviase sen as debidas condicións»